



Código do documento	Código do expediente
USG18102KY	USG/2024/73
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6O2Z 5U5R 2V5S 690G 0TNL	

DQR

ANUNCIO

CONSULTA PREVIA A APROBACION DUN REGULAMENTO DO SISTEMA DE INFORMACIÓN INTERNO NO CONCELLO DE CULLEREDO. EXPTE: USG/2024/73.

Co obxectivo de garantir a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango regulamentario, e en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas -LPACAP-, con carácter previo á elaboración do proxecto de Regulamento do Sistema de Información Interno do Concello de Culleredo, substánciase unha consulta pública previa para solicitar a opinión dos cidadáns e das organizacións máis representativas que potencialmente se poidan ver afectados pola mesma, sobre unha serie de aspectos como son os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

O que se publica no taboleiro de anuncios deste Concello e na páxina web municipal para que os cidadáns, organizacións e asociacións que o consideren oportuno poidan facer chegar as súas opinións ou suxerencias, durante un prazo de 20 días hábiles, a través da súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Xuntase a Consulta previa do Regulamento coa memoria explicativa.

Asinado dixitalmente
O alcalde
José Ramón Rioboó Castro

RIOBOO CASTRO, JOSE
RAMON
Alcalde-Presidente
04/04/2024 12:18